

## CRITERIOS DE CORRECCIÓN E REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO

Reunido o tribunal que xulga o proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, da Universidade de Santiago de Compostela (Resolución da xerencia do 5 de xuño de 2024) en sesión do 02 de outubro de 2024, ACORDOU:

### PRIMEIRO. Facer públicos os seguintes CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

- O exercicio consistirá en contestar a un cuestionario de 80 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, baseadas no contido do programa, con 4 respostas alternativas das que só unha será a correcta. Cada pregunta respondida incorrectamente detraerá  $\frac{1}{4}$  de pregunta respondida correctamente.
- Este exercicio cualificarase de 0 a 80 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 40 puntos. Para acadar a **puntuación mínima** esixida pola convocatoria, o tribunal acordou que cada aspirante **debe obter un mínimo de 40 respostas correctas netas**. O número de respostas netas é o resultado de detraer as respostas incorrectas ao total das respostas correctas, utilizando a regra do parágrafo anterior.
- As preguntas de reserva, numeradas da 81 á 83, entrarán por orde a substituír as preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 80 minutos.

### SEGUNDO. Facer públicos os seguintes ASPECTOS ORGANIZATIVOS e INSTRUCCIÓNS:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará **ás 10.00 h** diante da Aula José Afonso (Aula A) da **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais** (Santiago de Compostela).
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.
- Para garantir o anonimato na corrección non se permite facer ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir a identificación da persoa aspirante. De facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.
- A hora de inicio e remate do exame será indicada polo Tribunal.
- Non se permitirá a saída da aula ata que remate o tempo establecido para a realización do exercicio.
- As persoas aspirantes, como participantes neste proceso, teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.
- Cando se autorice a saída da aula, as persoas aspirantes poderán levar o caderno de preguntas máis a folla autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O tribunal entregará, cando remate o exercicio, un documento coas respostas correctas que se fará publico na páxina web da Subárea de Planificación de PAS da USC, lugar onde tamén se publicarán as cualificacións do exercicio.

- No caso de ter algunha dúbida, as persoas aspirantes deben preguntar unicamente aos membros do tribunal.
- No momento do chamamento faráselle entrega dun xogo de etiquetas identificadoras con código de barras que a persoa aspirante deberá pegar na folla de respostas (sobre a imaxe co código de barras), segundo as instrucións que lle dará o tribunal.
- A folla de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberá de marcar dende o número 1 ao 83, que se corresponden co número de preguntas do exercicio, máis tres de reserva. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras A, B, C ou D, que son as catro opcións que figuran para cada unha das preguntas.
- As persoas aspirantes non deben marcar máis dunha resposta por pregunta. De facelo será considerada incorrecta.
- No caso de que a persoa aspirante desexa corrixir unha resposta deberá borrar completamente as marcas erróneas (debe terse en conta que a folla de exame é autocopiativa).
- Non se debe dobrar nin manchar a folla de respostas. A folla de respostas deberá ser entregada ao tribunal cando así sexa requirida, sendo este documento o único acreditativo das respostas para os efectos de que a persoa aspirante sexa cualificada.

**TERCEIRO.** Facer públicas as seguintes CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

Serán causas de exclusión do proceso selectivo:

- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.
- A presenza de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxo intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se poderá acceder á proba con ningún deste tipo de dispositivos, e non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia dos mesmos.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

*María Isabel Casal Reyes*

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/10/2024 12:44:46.

**CSV:** E56A-B648-4167-8F45